



III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade Xefatura Territorial Ourense

Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social

En cumprimento do disposto na normativa legal vixente sobre depósito de estatutos das organizacións sindicais e empresariais (Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical e Real decreto 416/2015, do 29 de maio, sobre depósito de estatutos das organizacións sindicais e empresariais), publícase que:

A Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade en Ourense acordou depositar, o 28 de xullo de 2023, a acta de constitución e estatutos do seguinte sindicato:

Denominación: Grupo de Traballadores de Coren Ourense

Ámbito territorial: provincial.

Ámbito funcional: sindical (de empresa).

Promotores e asinantes: Hugo Taboada Sobradelo, Gloria Pérez Sousa, Antonio Fernández Díaz, Josefa Nogueiras Ojea, Susana Fontanes Villamarín, Javier Fernández López, José Luis Gómez López

Ourense, na data da sinatura electrónica. O xefe territorial.
Asdo.: Yago Borrajo Sánchez.

Consellería de Promoción del Empleo e Igualdad Jefatura Territorial Ourense

Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social

En cumplimiento de lo dispuesto en la normativa legal vigente sobre depósito de estatutos de las organizaciones sindicales y empresariales (Ley 19/1977, de 1 de abril, sobre regulación del derecho de asociación sindical y Real decreto 416/2015, de 29 de mayo, sobre depósito de estatutos de las organizaciones sindicales y empresariales), se publica que:

La Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade en Ourense acordó, el 28 de julio de 2023, depositar el acta de constitución y estatutos del siguiente sindicato:

Denominación: Grupo de Trabajadores de Coren Ourense

Ámbito territorial: provincial.

Ámbito funcional: sindical (de empresa).

Promotores y firmantes: Hugo Taboada Sobradelo, Gloria Pérez Sousa, Antonio Fernández Díaz, Josefa Nogueiras Ojea, Susana Fontanes Villamarín, Javier Fernández López, José Luis Gómez López

Ourense, en la fecha de la firma electrónica. El jefe territorial.

Fdo.: Yago Borrajo Sánchez.

R. 2.394

IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

Avión

Unha vez aprobado definitivamente o Regulamento de réxime interior da Residencia para Maiores “Alvetus”, contando este co

visado do Servizo de Inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, por isto publícase o seu texto íntegro para coñecemento xeral:

Regulamento do réxime interior da Residencia para Maiores “Alvetus”

1. Obxecto

Este regulamento establece os principios de actuación, obxectivos e as normas da organización e funcionamento da residencia de persoas maiores en situación de dependencia ou en especial risco de fragilidade do Concello de Avión, así como os prezos públicos polos servizos prestados.

2. Tipo de centro e titularidade

Entidade da que depende: Concello de Avión

NIF: P3200500A

N.º rexistro: E-664

Enderezo: Praza do Concello, n.º1, 32520 Avión

Número de prazas: 32+ 2 enfermaría

Localización: a Residencia para Maiores “Alvetus” está situada no Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus”, no núcleo de poboación O Sifón, n.º 15, 32520 Avión (Ourense).

3. Concepto, finalidade, capacidade e obxectivos das residencias

As residencias son centros destinados á vivenda permanente e común nos que se presta unha asistencia íntegra e continuada ás persoas maiores.

A Residencia do Concello de Avión é unha mini residencia, xa que só conta con 32 prazas.

Os obxectivos dos centros residenciais son os seguintes:

1. Facilitar a residencia dos usuarios nas mellores condicións instrumentais e de habitabilidade posible, favorecendo os apoios que lle sexan precisos.

2. Promover unha rede de integración que favoreza a convivencia e as relacións sociais de calidade, proporcionando un sustento emocional, instrumental e social.

3. Prover ás persoas residentes de coidados e intervencións preceptivas, para previr déficits e mellorar o seu benestar.

4. Establecer actuacións que maximicen as aptitudes vitais das persoas usuarias.

5. Facilitar relacións solidarias e de axuda mutua entre as persoas residentes.

4. Adscrición administrativa, tipo de xestión do servizo

A xestión da Residencia de Maiores Alvetus correrá a cargo da Fundación Anduriña, por encomenda de xestión do Concello de Avión.

A Fundación Anduriña contará cos/as profesionais adecuados para prestar os servizos correspondentes da atención directa, con persoal propio, ou concertando os servizos necesarios con empresas persoais ou entidades de iniciativa social.

As actividades e tarefas precisas para o desenvolvemento das atencións e prestacións, serán sempre prestadas por persoal cualificado, e poderá contar coa colaboración do voluntariado organizado para o desenvolvemento de tarefas complementarias en actividades dirixidas á ocupación do ocio, acompañamento dentro e fóra da Residencia de Maiores, e outras, sempre cunha intervención programada, coordinadas e supervisadas polo/a coordinador/a, sen que en ningún caso exima ao persoal de atención directa da súa realización.

O/A director/a do Centro Integral de Servizos Sociais Alvetus, dirixirá a Residencia de Maiores Alvetus, xunto cos demais servizos do centro.

5. Características dos/as destinatarios/as

Enténdese por beneficiarios/as, as persoas maiores con dependencia de grado I, II ou III de dependencia, con dificultades para as actividades da vida diaria ou dependentes totais. Esta é unha

residencia de carácter temporal ou permanente na que se presta unha asistencia integral e continuada ás persoas maiores.

6. Requisitos de acceso das persoas usuarias

Poderán ser persoas beneficiarias todas aquelas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter cumpridos os 65 anos ou excepcionalmente menores de 65 anos, que por circunstancias persoais ou sociais con informe previo favorable do persoal técnico, onde se xustifique a necesidade do recurso.

b) Estar empadroado no Concello de Avión e no caso de existir prazas vacantes e que non sexan demandadas por veciños/as do municipio, poderán acceder a elas persoas doutros concellos, que no caso de concederse a praza, deberán empadroarse no Concello de Avión no momento de ocupar a súa praza e pasar polo tanto a residir na residencia.

c) Non padecer circunstancias que requiran atención imprescindible nun centro hospitalario.

d) Non padecer alteracións mentais ou perda de autocontrol predominante que poida perturbar gravemente a convivencia no centro e requira ser atendido nunha unidade especializada. No caso de persoas que poidan padecer algunha sintomatoloxía aditiva deberán, de cara a manter unha conduta axeitada e garantir os dereitos do resto das persoas usuarias, recibir un tratamento específico de deshabitación por profesionais e/ou entidades especializadas.

7. Tramitación e acceso

O/a usuario/a ou familiar, dirixirase á dirección do centro solicitando a admisión na Residencia de Maiores Alvetus.

A dirección do centro requirirá a documentación e informes que estime oportuno para a valoración do/a usuario/a e a determinación da idoneidade do recurso. No caso dunha valoración positiva, e habendo unha praza dispoñible, comunicaráselle ao/á solicitante a súa admisión, e unha vez ingresado/a o/a usuario/a na residencia, dará comezo o seu período de adaptación de un mes.

Documentación de obrigada presentación:

- Informe médico actualizado, segundo o modelos establecido, do seu estado de físico e psíquico, coa posoloxía do tratamento farmacolóxico que se debe administrar e, de ser o caso, as dietas especiais a seguir, as axudas técnicas prescritas e as necesidades asistenciais e limitacións relevantes.

- Fotocopias do DNI.
- Fotocopias da tarxeta sanitaria.
- Certificado de empadramento.
- Fotocopia de Resolución da valoración do grao e nivel de dependencia se a tivese.
- Fotocopia da Resolución do plan individual de atención.
- Fotocopia do Certificados de discapacidade se o tivese.
- De ser o caso, datos dos contactos familiares, ou persoas achegadas.

- Xustificante da póliza do seguro de decesos ou calquera outro seguro que tivese. No caso de non telo, é preciso o compromiso por escrito dos seus familiares ou achegados de facerse cargo dos gastos derivados do enterro.

- Información dos datos bancarios e autorización asinada para o cobro dos servizos por parte dos/as responsables da Residencia de Maiores Alvetus.

- Autorización para o tratamento dos datos de carácter persoal tanto do/a propio/a usuario/a como os do seu entorno familiar que serán tratados nun ficheiro de responsabilidade do centro, tal e como consta no contrato de servizos.

- Autorización para os traslados aos centros hospitalarios no caso de urxencias médicas, tal e como consta no contrato de servizos.

- Aceptación, de ser o caso, da existencia dun circuíto pechado de cámaras de vixilancia nas zonas comúns, cuxas gravacións pasarán a formar parte do ficheiro de datos que son responsabilidade da Residencia de Maiores Alvetus.

- En canto ás pertenzas persoais, os/as usuarios/as achegarán á Residencia de Maiores Alvetus, para a súa permanencia na mesma, utensilios de aseo, roupa e calzado cómodo en bo estado e número suficiente.

- A roupa dos/as residentes deberá vir marcada cun número facilitado pola dirección da Residencia, no caso de ter que marcála no centro, terá un custe que estará publicado no taboleiro de anuncios do centro, anexo III.

- A persoa usuaria ou a súa familia será a responsable da achega e subministración da medicación que nese momento deba estar tomando e que estea prescrita polo facultativo correspondente.

En vista da documentación aportada, o/a traballador/a social emitirá un informe e a dirección da Residencia emitirá unha resolución. No caso dunha resolución positiva, e habendo unha praza dispoñible, comunicaráselle ao/á solicitante a súa admisión, e unha vez ingresado/a o/a usuario/a na Residencia, dará comezo o seu período de adaptación de un mes.

No momento do ingreso na residencia, entre o/a usuario/a e o/a responsable da Residencia de Maiores, formalizarase un contrato que regulará todos os aspectos da relación, dende o seu ingreso ata a baixa. Unha copia do contrato firmado quedarán en posesión do/a usuario/a e a outra no expediente individual.

O/a responsable da Residencia entregarálle o Regulamento de réxime interior para a lectura e aceptación do/a usuario/a, deixándose constancia da entrega e a súa data.

A Residencia dispón dunha póliza de responsabilidade civil que garante a cobertura das indemnizacións aos/ás usuarios/as e sinistros do edificio. A dita póliza poderá ser requirida polos/as usuarios/as ou familiares para o seu coñecemento.

A Residencia dispón dun libro de rexistro de usuarios. Na mesma data de formalización do ingreso farase constar a identidade do usuario/a e data de o seu ingreso, así como a data e motivo de baixa e de expedientes individualizados debidamente custodiados.

A Residencia de Maiores dispón dun libro de reclamacións, a disposición dos usuarios. No suposto de efectuarse algunha reclamación, darase copia da mesma ao/á reclamante e remitirase unha 2.ª copia ao organismo competente da Xunta de Galicia, no prazo de 3 días hábiles, acompañado co informe correspondente do centro.

A Residencia de Maiores conta cun circuíto pechado de cámaras de vixilancia nas zonas comúns, quedando gravada a actividade do centro. De ser o caso, os/as usuarios/as e/ou as súas familias serán debidamente informados/as pola dirección do Centro e deberán consentir que os datos sexan gravados, tratados no ficheiro de responsabilidade do Centro segundo a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), e eliminados pasado un mes da súa gravación.

Todos os datos persoais dos/as usuarios/as que sexan facilitados á Residencia, así como os que se xeren na intervención coas persoas usuarias, serán tratados nun ficheiro de responsabilidade do Centro segundo a Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal en vigor.

Así mesmo, os/as usuarios/as e as súas familias terán á súa disposición unha caixa de suxestións.

8. Servizos que se ofertan a residencia

- Aloxamento.



- Servizo de restauración; almorzo, xantar, merenda e cea. Dietas especiais, control dietético e calórico dos alimentos por persoal cualificado.

- Servizo de hixiene; vixilancia da hixiene persoal e práctica dos baños que sexan necesarios.

- Coidado de roupa e lavandería.

- Actividades recreativas e sociais.

- Rehabilitación funcional: este servizo consiste no desenvolvemento de actividades preventivas de mantemento da capacidade física e funcional das persoas usuarias, ben individuais ou grupais.

- Servizo de fisioterapia ou rehabilitación física (concertado)

- Servizo de podoloxía (concertado)

- Servizo de peiteado (concertado)

- Servizo de transporte.

- Psicóloga.

9. Normas de convivencia

O ingreso na residencia terá un período de adaptación dun mes. Durante este período resolveranse os conflitos tanto pola falta de adaptación, aceptación de normas, convivencia, etc. Se pasado este período a persoa non é capaz de aceptar e respectar as normas seralle comunicado o abandono da mesma por ben dela e de todas as persoas da residencia.

A Residencia de Maiores Alvetus, pretende crear un ambiente propicio que facilite o benestar físico, psíquico e relacional entre as persoas residentes e traballadoras. Para iso é necesario unha correcta organización e unha serie de normas de convivencia, que a continuación se detallan:

- As persoas usuarias deberán ser coidadosas coas instalacións da residencia.

- As persoas da residencia deberán observar boa conduta moral e as leis máis elementais que a convivencia esixe.

- Evitarase todo aquilo que moleste aos demais, que perturbe a paz ou tranquilidade da residencia.

- As diferencias entre os/as usuarios/as ou co persoal da Residencia de Maiores non deben resolverse con liortas, berros ou pelexas. Estes poderán acudir ao profesional máis próximo para intentar resolver os problemas que poidan aparecer entre eles. Toda infracción e este respecto obrigará a unha seria advertencia verbal ou escrita, se fora necesario. A terceira reincidencia neste aspecto, suporá a baixa do/a usuario/a do servizo contratado.

- Deberán respectarse os horarios establecidos para cada actividade.

- Na medida do posible deberase facilitar o labor do persoal do centro residencial.

- Prohíbese fumar dentro da residencia.

- En beneficio de todos/as esíxese o coidado por parte de todos/as dos útiles ao seu servizo: mobiliario, economizar a auga, electricidade, etc.

- Está totalmente prohibido entregar propinas, regalos, etc., ao persoal da residencia.

- Os dormitorios serán asignados pola persoa responsable da residencia, podendo cambiar de dormitorio aos/ás residentes por motivos debidamente xustificadas e con aviso previo.

- Os/as usuarios/as serán respectuosos co descanso dos demais.

- Non está permitido ter alimentos perecedoiros ou bebidas alcohólicas nas habitacións dos/as residentes.

- So se servirán comidas nas habitacións en caso de forza maior, ou porque a persoa responsable da residencia así o estime oportuno.

- Por razóns de seguranza non está permitido utilizar aparellos eléctricos non autorizados pola persoa responsable da residencia.

- En caso de incendio, os/as usuarios avisarán de inmediato ao persoal ou poderán utilizar os calcadores que se atopan repartidos pola residencia para dar o sinal de alarma. Se chegase a ocorrer un sinistro, o persoal dará as instrucións de actuación necesarias aos/ás usuarios/as.

- De ser o caso, a capacidade dos ascensores é limitada. O seu uso con unha carga superior á indicada na cabina supón un serio risco e pode provocar avarías.

- Tanto por hixiene e salubridade, como por respecto aos demais, é imprescindible gardar as máis elementais normas de aseo persoal. A saúde de todos merece un comportamento claro e estrito ao respecto.

- A residencia non se fai responsable dos obxectos de valor, pertenzas ou diñeiro propiedade dos/as usuarios/as que non lle sexan confinados para a súa custodia. Recomendámoslles que tomen as medidas oportunas para ter no centro o estritamente necesario.

- Pola seguridade das persoas usuarias non se permitirá a entrada de persoas que non acrediten ningún tipo de relación coa residencia ou coas persoas residentes.

- O centro funciona en réxime aberto, polo que os/as usuarios/as gozan de enteira liberdade de entrada e saída, coas únicas limitacións derivadas do horario de apertura e peche establecido e, de ser o caso, de sentenzas xudiciais que sexan de aplicación e afecten a determinadas persoas usuarias. No caso de persoas con medidas de apoio ou curatela, as persoas residentes non poderán saír sen autorización previa do seu curador.

- Se un residente non tivera medidas de apoio ou curatela, pero o equipo do centro considerase que existe unha limitación física ou psíquica que sexa susceptible de poñer en risco a súa integridade, no caso de que desexara saír autonomamente do centro, realizar diferentes xestións etc, comunicárase á familia tal feito, así como a o ministerio fiscal para que proceda, de ser o caso, a iniciar o proceso de establecemento de medidas de apoio ou de ser o caso, dunha curatela representativa.

- Pode visitarse aos/ás residentes durante o tempo en que a Residencia permaneza aberta, procurando que a visita non interrompa ou entorpeza o seu normal funcionamento. Neste senso, deben evitarse, na medida do posible, as visitas durante o período de aseo, comidas e descanso, para garantir deste modo, un servizo de calidade. Por isto realizaranse mediante cita previa; tanto usuarios/as como familiares, reuniranse nunha sala habilitada para tal efecto.

Estas normas de convivencia interpretaranse e adaptaranse, en cada caso, en función das capacidades das persoas usuarias segundo a súa situación de dependencia.

10. Perda da condición de usuario/a ou beneficiario/a
Os/as usuarios/as do centro perderán a súa condición por algunha das seguintes causas:

1. Renuncia voluntaria do/a usuario/a.
2. Ingreso con carácter definitivo noutro centro residencial.
3. Ausencia por un período superior a 30 días naturais sen causa debidamente xustificada.
4. Ocultación e falseamento de datos.
5. Falecemento do/a usuario/a.
6. Falta de colaboración do/a usuario/a no desenvolvemento das prestacións do centro, trato desaxeitado do/a usuario/a co persoal e cos/coas outros/as usuarios/as.
7. Incumprimento das normas de funcionamento do centro.
8. Impago das cotas, previa resolución xudicial.

A dirección da residencia non porá ningunha dificultade en que a persoa abandone o centro, tendo que comunicalo con 15 días de antelación á data da baixa.

A perda da condición de usuario/a-beneficiario/a do servizo polas causas 3.^a, 4.^a, 6.^a, 7.^a e 8.^a, requirirá a tramitación do correspondente procedemento, a resolución da cal lle corresponda á dirección do centro, procedemento no que deberá oírse ao/á beneficiario/a ou seu/súa representante legal, no prazo de dez días hábiles, a fin de que expoña o que conveña aos seus intereses.

Así mesmo, durante a tramitación do procedemento poderase adoptar a medida cautelar de suspensión provisional da condición de persoa beneficiaria se a súa permanencia no centro dera lugar a unha grave perturbación do servizo ou orixinara risco grave para o persoal ou para os/as demais usuarios/as.

Respecto a causa 7.^a, o/a beneficiario/a perderá automaticamente a súa condición de usuario/a na 3.^a chamada de atención recibida, tendo dereito a recurso no prazo máximo de 10 días hábiles.

No caso de falecemento do/a residente, esta circunstancia será notificada aos familiares ou representantes legais, axudando a residencia nas xestións médicas e nos trámites para o seu traslado a onde corresponda. No caso do falecemento do/a residente sen ningún familiar ou no caso de non poder localizalo, e sen seguro de defunción, a vivenda ofrecerá un enterro digno. Os gastos ocasionados poderanse cargar na conta en que se cargaban os recibos mensuais. En todo caso, a residencia, reservase o dereito de reclamar as ditas cantidades a quen proceda.

Serán os/as familiares ou titores, os que se fagan cargo dos obxectos e pertenzas do falecido/a, no caso contrario a dirección da residencia gardará as pertenzas durante un máximo de 7 días; se unha vez transcorrido ese tempo ningún familiar as reclama, a dirección disporá delas da forma máis axeitada.

11. Habitacións

A residencia consta de 19 habitacións (6 individuais e 13 dobres), todas con baño incorporado. Cunha capacidade para 32 persoas.

- A dirección da residencia ocúpase do decorado das habitacións sen prexuízo de que cada usuario/a poida traer aqueles obxectos de carácter sentimental que considere oportunos. En ningún momento a dirección da vivenda se fará responsable dos obxectos de valor que teñan nas súas dependencias.

- Non se poden acender velas, estufas, pranchas ou calquera aparato que poida ocasionar risco de incendio.

- Non se pode cociñar, nin quantar alimentos nas habitacións.

- Non se permite lavar ou colgar roupa nas habitacións ou nas ventás, xa que a vivenda dispón dun servizo de lavandería.

- Prohíbese almacenar alimentos perecedoiros, alcohol e medicamentos nas habitacións.

12. Aspecto económico

Os/as usuarios/as da Residencia de Maiores “Alvetus” contribuirán ao financiamento do servizo da estancia, segundo a ordenanza municipal de taxas que se aprobe a tal efecto.

O custo da praza incrementarase cada ano con o IPC galego, segundo designe o Instituto Galego de Estatística.

A residencia poderá facilitar ao/á usuario/a desta, servizos de carácter complementario, como, salón de peiteado, transporte, cafetería e outros que se poidan concertar. Estes servizos serán de pago individualizado segundo o seu uso e consumo, sen estar incluídos no prezo fixado para a praza, de acordo co anteriormente especificado.

A mensualidade aboaranse por adiantado durante os cinco primeiros días do mes en curso, a través dun recibo domiciliado ou excepcionalmente ao contado.

No caso de que o ingreso se efectúa na 2.^a quincena do mes, cobrariase media mensualidade e en calquera estancia que sexa igual ou inferior a quince días.

As persoas usuarias terán dereito a reserva de praza durante os períodos de ausencia da Residencia de Maiores Alvetus nas seguintes situacións:

- O pagamento da cota realizarase pola súa totalidade en concepto en reserva de praza por ausencias voluntarias, e que non poderán ter unha duración superior a 42 días ao ano. Unha vez transcorrido o dito prazo, dará lugar a extinción do contrato con esta entidade. Estas ausencias deberán comunicarse cunha antelación mínima de 5 días á dirección do centro.

- Se as ausencias tiveran a consideración de forzosas, sempre e cando estean acreditadas documentalmente (ingreso en centro sanitario, enfermidade, forza maior, etc.), en tal suposto a contía reducirase ao 40% do prezo que mensualmente lle corresponda, a partir do 5.º día de ausencia.

- O falecemento da persoa usuaria será causa de extinción automática do contrato coa Residencia. Nesta caso facturaranse os días de asistencia ao centro ata o seu falecemento coas excepcións sinaladas nos parágrafos anteriores.

Todas as persoas da Residencia recibirán unha factura ou recibo unha vez efectuado o pago, se así o solicitan.

Será necesario o pagamento dun 25% do custo da praza, no caso de reserva de praza.

13. Dereitos dos/as usuarios/as

1. Dereito a intimidade e a non divulgación dos datos persoais que figuren nos seus expedientes de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), do artigo 4 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención das persoas en situación de dependencia.

2. Dereito á integridade física e moral e un trato digno tanto por parte do persoal do centro como das persoas usuarias.

3. Dereito a non ser discriminadas por razón de idade, nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

4. Dereito á participación e á información.

5. Dereito a unha atención individualizada acordo coas súas necesidades específicas.

6. Dereito a igualdade de trato e a gozar de todas as prestacións e servizos que ofrezca o centro.

7. Dereito á asistencia sanitaria e farmacéutica.

8. Dereito a manter relacións interpersoais, así coma a recibir visitas, promovendo as relacións cos seus familiares ou persoa de referencia.

9. Dereito a cesar o uso dos servizos ou a permanencia no centro por vontade propia.

10. Dereito a expor as queixas e suxestións á dirección do centro ou no libro de reclamacións sempre que o estimen oportuno.

14. Obrigas do/a usuario/a

1. Participar no seu propio beneficio en todo aquilo que se requira tanto no relativo a atención e coidado da saúde como no destinado a favorecer e promover a súa autonomía.

2. Observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración encamiñada a facilitar unha mellor convivencia entre as persoas usuarias, así coma co persoal que presta servizos no centro.

3. Respectar os dereitos das demais persoas usuarias.

4. Cumprir as normas que rexan o funcionamento do centro, facendo bo uso de todas as súas instalacións.

5. Participar no financiamento do servizo segundo o sistema establecido.



6. Facilitar correctamente os datos que lle poden ser solicitados en relación coa prestación do servizo.

7. Cumprir as normas establecidas neste regulamento de réxime interno.

15. Obrigas para coa Residencia

A cada persoa estimularáselle na participación de traballos comúns, aseo e coidado das habitacións, faenas da casa, coidado do xardín, etc., mentres nada llo impida e sempre que o desexe.

- Hixiene: esixiráselle ás persoas que estean vivindo na casa, as máximas normas de hixiene, tanto na súa persoa como no seu vestiario.

- Seguridade: está estritamente prohibido fumar en todo o centro.

Non está permitido entrar na sala de caldeiras e nas estancias sinaladas co cartel de “privado”.

- Comidas: o almorzo, o xantar e a cea, serviranse no comedor do centro integral de servizos sociais “Alvetus” ás horas establecidas, que estarán publicadas no taboleiro de anuncios do centro, xunto cos menús. Anexo III deste regulamento.

Os horarios deberanse cumprir coa maior rigorosidade, co obxecto de evitar trastornos no servizo. Se por calquera circunstancia especial prevé a imposibilidade de observalos, deberá comunicalo coa debida antelación.

Os/as usuarios/as que non desexen facer uso do servizo de comedor notificarano cun día de antelación como mínimo.

Non está permitido introducir ou sacar alimentos do comedor, nin utensilios deste, tales como garfos, vasos, panos de mesa, etc.

Non se permite a alteración da orde no comedor. Se lle xorde algún problema, dirixase a persoa do centro.

Por ningún motivo, excepto no caso de enfermidade, servirse a comida nas habitacións.

Salvo prescrición médica, será igual a comida para todos/as os/as usuarios/as.

- Roupas: Os familiares preocuparase de que as persoas ao ingresar na vivenda teñan a suficiente roupa para cambiarse.

O persoal do centro encargarse do lavado e repaso da roupa. A roupa ten que estar marcada perfectamente, en caso contrario o persoal encargado non se fará cargo da mesma.

- Visitas: o horario de visitas será o publicado no anexo III, que estará exposto no taboleiro de anuncios do centro. Respectando o descanso dos/as usuarios/as e a vontade de recibilas. Estas efectuaranse nas zonas habilitadas, non podendo interferir o descanso das demais persoas usuarias.

Os/as usuarios/as, sempre que o seu estado de saúde ou mental llo permita, poden saír solos/as, tendo que acudir aos horarios establecidos de comidas. En caso de limitación física, un familiar debe acompañalo/a. Existe un libro de rexistro de saídas, indicando o horario e a firma do/a usuario/a ou familiar/curador.

O centro garante a comunicación co exterior, estando a disposición dos/as usuarios/as un teléfono. Tamén se garante a comunicación fluída cos/as familiares-titores/as por parte da dirección do centro.

No caso de incapacidade sobrevida, a dirección do centro porá en coñecemento da autoridade xudicial para os efectos do disposto no art. 763 “internamento no voluntario por razón de trastorno psíquico” da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil. Nos casos de desamparo, os/as responsables do centro porán en coñecemento do ministerio fiscal os feitos determinantes da incapacitación do/a maior. Se durante a permanencia do/a usuario/a no centro se propuxera algunha medida de apoio, como outras figuras como o/a curador/a etc, deberase facilitar o centro, a copia da sentenza xudicial; a partir dese intre corresponderá ao/á curador/a a toma de decisións sen prexuízo da intervención xudicial nos casos nos que proceda, segundo a lexislación vixente.

Existe un protocolo no caso de urxencias sanitarias, o/a usuario/a irá acompañado por un/unha familiar, se é o caso.



Anexo I

Tarifas da Residencia de Maiores “Alvetus”

Segundo a ordenanza fiscal aprobada polo Concello de Avión pola prestación de servizos no Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus”, no que se atopa incluída a Residencia de Maiores “Alvetus”, quedan as cantidade que se cobrarán da seguinte maneira:

| | |
|--|---------|
| a) Persoas autónomas | 983 € |
| b) Dependencia moderada | 1.184 € |
| c) Dependencia severa | 1.240 € |
| d) Gran dependencia | 1.466 € |
| e) Marcado de roupa | 15 € |
| f) Desprazamentos médicos fora de Avión ao Servizo Galego de | |
| g) Saúde de Ribadavia | 30 € |
| h) Desprazamentos médicos fora de Avión ao Servizo Galego de | |
| Saúde en Ourense | 60 € |

Tarifa exenta do IVE (Lei 49/2002, do 23 de decembro)

Estes prezos serán revisables anualmente e de forma automática segundo o índice de prezos ao consumo (IPC) publicado polo Instituto Nacional de Estatística ou segundo outras normas reguladas pola xunta de Galicia, aplicándose a primeira actuación a partir do 1 de xaneiro de 2023.

Anexo II

Solicitud de praza para a Residencia de Maiores “Alvetus”

Datos do/a usuario/a

| | | | |
|-----------------|------------------------|--|---------------|
| Nome e apelidos | | | DNI |
| N.º SS | Data de nacemento | Sexo Home <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> | Estado civil |
| Domicilio | | | Código postal |
| Municipio | Teléfono/s de contacto | | |

Datos dun/dunha familiar ou cuidador/a

| | | | |
|---------------------------|------------------------|--|---------------|
| Nome e apelidos | | | DNI |
| Domicilio | | | Código postal |
| Municipio | Teléfono/s de contacto | | |
| Relación co/a solicitante | | | |

Precisa dieta alimenticia específica Si Non

Modalidade do servizo solicitada Aloxamento completo Aloxamento nocturno

Data de ingreso:

Custo do servizo:



Vostede dá o seu consentimento e infórmase que, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais (RXPDP) vostede dá o seu consentimento para o tratamento dos seus datos como usuario/a; os seus datos serán incorporados a un rexistro de actividades de tratamento de usuarios de Anduriña / Servizos Sociais, co único fin da prestación do servizo por vostede solicitado. O xeito de informar establecémoslo por capas, e poñemos á súa disposición un cadro informativo do tratamento de datos que pode consultar <https://avion.sedelectronica.es/privacy.1> tamén pode solicitar a dita información nestas dependencias, ou exercer os seus dereitos: obter confirmación de se estamos tratando os seus datos persoais, dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, opoñerse ao tratamento e solicitar a limitación deste, tamén a revocar este consentimento e no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos, a presentar reclamacións ante a autoridade de control <https://www.aepd.es/>, para exercer os seus dereitos dirixíndose a esta entidade sita en: Praza do Concello, n.º 1. 32520 Avión, Ourense ou por vía e-mail a: info@alvetus.org. As ditas solicitudes deberán dirixirse á delegada de protección de datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e acompañando esta de copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique e/ou do seu representado/a.

De igual xeito informábase que, ante o feito da existencia de cámaras de seguridade instaladas nas zonas comúns do Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus”, polo presente fai constar o seu consentimento á posibilidade de ser gravado, sabendo que as ditas imaxes non saíran do Centro e que a súa única finalidade é garantir a seguridade e coidado de todos os asistentes, e tamén a exercer os dereitos anteriormente mencionados.

Avión, de de 20 .

Asdo.:

Directora do Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus”



Anexo III

Horarios da Residencia de Maiores “Alvetus”

Comidas:

- Almorzo: 9.30 h.
- Xantar: 13.30 h.
- Merenda: 17.00 h.
- Cea: 20.00 h.

Visitas:

- De mañá: 10.00 a 13.00 horas e para persoas encamadas de 11.30 a 13.00 horas.
- De tarde: 15.00 a 19.00 horas.

Anexo IV
Residencia de Maiores “Alvetus”

Informe médico

Datos do/a profesional que emite o informe:

Apelidos:

Nome:

Data do informe:

Número de colexiado/a:

Centro de saúde/organismo:

Datos persoais:

Apelidos:

Nome:

Data de nacemento: DNI:

Domicilio:

CP:..... Teléfono.: Teléfono de contacto.:

Antecedentes persoais:



Estado de saúde actual

- Atópase inmobilizado/a na cama Si Non
 - Realización das actividades básicas da vida diaria Independente Con Axuda Dependente
 - Limitacións no campo visual Leve Moderada Total
 - Limitacións no campo auditivo Leve Moderada Total
 - Incontinencia Leve Moderada Total
 - Patoloxía respiratoria Leve Moderada Total
 - Dificultade no manexo das extremidades superiores Leve Moderada Total
 - Dificultade no manexo das extremidades inferiores Leve Moderada Total
 - Patoloxía cardíaca Leve Moderada Total
 - Desorientación tempo-espacial Leve Moderada Total
 - Incoherencias na comunicación Leve Moderada Total
 - Descontrol emocional Leve Moderada Total
 - Depresión Si Non
 - Trastornos de memoria Si Non
- En caso afirmativo determinar cal e grado
- Enfermidades infecto contaxiosas Si Non
- En caso afirmativo determinar cal
- Trastornos psíquicos graves que poidan producir alteracións na convivencia.....

Diagnóstico de enfermidades:

Observacións:

Dieta alimenticia específica do/a beneficiario/a

- Dieta normal hiposódica
- Dieta baixa en graxa
- Dieta hipoglucémica

Alerxias:

| Tratamento | Posoloxía | Data de inicio | Data de fin | Observacións |
|------------|-----------|----------------|-------------|--------------|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

....., de de 20.....

O medico responsable

Anexo V
Contrato de prestación do servizo de Residencia de Maiores “Alvetus”

Avión,de..... de

Reunidos:

Dunha parte D.^a con DNI.....

Doutra parte D/D.^a....., con DNI.....

acompañado/a por D/D.^a....., con DNI.....

familiar (indicar parentesco:.....) do/a usuario/a.

Manifestan:

Que, D.^a actúa como representante da Residencia de Maiores “Alvetus” do Concello de Avión, situado no Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus”, Ctra. do Sifón n.º 15 , 32520, Avión.

Que, D/D.^a..... actúa en calidade de usuario/a da Residencia de Maiores “Alvetus- 2”, acompañado/a por D/D.^a....., familiar (.....) do/a usuario/a.

En virtude, as partes acordan asinar o presente contrato de conformidade coas seguintes cláusulas:

1. Establécese que ambas as partes se sometan á regulación que para este servizo se fai no Regulamento de Réxime Interior e no cadro de prezos, que as partes declaran coñecer e que forman parte integrante deste contrato.
2. Establécese un período de adaptación dun máximo de un mes.
3. O Centro reservase o dereito a organizar os servizos e horarios da maneira que crea máis correcta para a súa prestación, de acordo co disposto no regulamento interno e na normativa vixente de aplicación.
4. O/A usuario/a ou representante no seu caso, autoriza ao Concello de Avión e á Fundación Anduriña o tratamento dos datos solicitados e informámoslle que, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais (RXPd) vostede dá o seu consentimento para o tratamento dos seus datos como usuario/a, os seus datos serán incorporado a un Rexistro de Actividades de Tratamento de Usuarios de Anduriña / Servizos Sociais, co único fin da prestación do servizo por vostede solicitado. O xeito de informar establecémoslo por capas, e poñemos á súa disposición un cadro informativo do tratamento de datos que pode consultar <https://avion.sedelectronica.es/privacy>.1 tamén pode solicitar a dita información nestas dependencias, ou exercer os seus dereitos: obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, opoñerse o tratamento e solicitar a limitación deste, tamén a revocar o presente consentimento e no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos a presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>, para exercelos seus dereitos dirixíndose a esta entidade en Praza do Concello, n.º 1, Avión, 32520, Ourense ou por vía e-mail a: info@alvetus.org. As ditas solicitudes deberán dirixirse á delegada de protección datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e acompañando esta da copia do seu DNI/NIF ou documento que o identifique e/ou do seu representado/a.
1. Segundo a ordenanza fiscal aprobada polo Concello de Avión o 6 de novembro de 2006, a contía mensual resultante a abonar polo usuario será de en na modalidade de, actualizándose cada ano en función do IPC.
2. A contía a abonar para o ano 2023 será de mensuais.
3. As partes que interveñen por parte do/a usuario/a, responderán solidariamente dos gastos e costes derivados do presente contrato.
4. Ante o feito da existencia de cámaras de seguridade instaladas nas zonas comúns do Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus”, fago constar o meu consentimento á posibilidade de ser gravado sabendo que as ditas imaxes non sairán do Centro e que a súa única finalidade é garantir a seguridade e coidado de todos/as os/as asistentes.
5. Autorizo os traslados aos centros hospitalarios no caso de urxencias médicas.

O/A usuario/a

O/A representante da Residencia de Maiores “Alvetus”

O/A familiar ou representante